

Expediente: 65/2022

ANUNCIO

En data 24/03/2022 ditouse a Resolución da Alcaldía 2022-0067 que de seguido se transcribe:

ASUNTO: NOMEAMENTO DE TRIBUNAL PARA O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DUN OFICIAL DE SEGUNDA E PEÓN AO ABEIRO DO PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2022

EXPEDIENTE: 65/2022

ANTECEDENTES:

O Concello de Moeche solicitoulle unha subvención á Deputación da Coruña ao abeiro do Programa PEL-CONCELLOS 2022 de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia, incluído na liña 1.1 do Plan de Emprego Local (bases reguladoras no BOP núm. 18 do 27/01/2022 e convocatoria no BOP núm. 22 do 02/02/2022).

Por resolución definitiva da Deputación da Coruña (BOP núm. 50 do 15/03/2022) concedéuselle ao concello unha subvención para a contratación de persoal ao abeiro do Programa PEL-CONCELLOS 2022.

Por Resolución da Alcaldía do día 24/03/2022 aprobáronse as bases que rexerán o proceso de selección e contratación do persoal para a execución de obras e servizos mínimos municipais. O procedemento de selección faise mediante oferta de emprego ao Servizo Público de Emprego, que enviarán aos candidatos e candidatas aos postos.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **Resolvo:**

Primeiro: Nomear o Tribunal Cualificador que constará de:

Presidente/a: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Secretario/a: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Vogais: Tres empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Presidente: M.^a Raquel Novo Montes, funcionaria do Concello de Moeche

Vogais:

- Cristina Rodríguez Arroyo, funcionaria do Concello de Moeche
- Cristina Sueiras Rodríguez, funcionaria do Concello de Moeche
- M.^a Pilar Pazo González, persoal laboral fixo do Concello de Moeche.

Secretario: Antonio García Méndez, funcionario do Concello Moeche

Membro asesor: Pedro Antonio Amado Freire, persoal laboral fixo do Concello de Moeche.



O tribunal cualificador reunirse para a cualificación e valoración dos méritos unha vez que o Servizo Público de Emprego teña remitidos a todos/as os/as candidatos/as aos postos. As valoracións serán publicadas no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello de Moeche. A data da proba práctica da fase de oposición será publicada no taboleiro de anuncios e páxina web do concello.

Moeche, (na data da sinatura dixital)A alcaldesa

Beatriz Bascoy Maceiras(*Sinatura dixital ao marxe*)

